

Historicamente as nosas empresas mantivéronse alleas a calquera intento ou proceso cultural de Galicia, sen embargo tampouco houbo historicamente declaracións negativas nin oposicións explícitas. En realidade, a experiencia demóstranos que en ningún momento se estableceran pontes de contacto e admitíanse tacitamente os papeis tradicionais que concedían o patrimonio lingüístico-cultural á xente das letras. Houbo, si, excepcións, tanto na Galicia peninsular coma na emigrante, pero o seu exemplo non callou e algúns intentos neste sentido foron quedando para o capítulo das anécdotas; aínda que, como recoñecen hoxe algúns empresarios, sempre existiu unha pequena envexa para aqueles emprendedores industriais que eran capaces de adquirir protagonismo tamén no tecido cultural.

A idea da **Fundación Galicia Empresa** non se concibe para emendar estas barreiras históricas. Non pretendemos usurpar nin reivindicar ningún dereito, só queremos facer uso dun espacio que consideramos natural. A fundación quere asumir desde o primeiro momento a súa responsabilidade social nesta tarefa, sendo consciente de que o seu discurso vai ter unha poética fresca, realista, pragmática e entusiasta. A **Fundación Galicia Empresa** ten a súa razón de ser nesta asunción de compromisos coa nosa lingua e a nosa cultura, como signos que nos identifican como axentes económicos dun país e nos aproximan á sociedade á que pretendemos servir.

A **Fundación Galicia Empresa** é un proxecto cada vez compartido por máis empresarios, que leva tempo soando nos medios de comunicación, nalgunhas actuacións concretas nalgunha das empresas (como fora o caso dos *Contos do Castromil*, unha iniciativa que simbolizou un achegamento entre os mundos da empresa e cultura) ou nalgunhas manifestacións a favor da introducción do galego neste novo ámbito. Porque esta é unha das nosas pretensións esenciais: incidir no panorama económico e empresarial de Galicia para que a nosa lingua se desfaga dos prexuízos tradicionais que nos foron consustanciais e que eso repercute nunha relacións sociais acordes cos tempos de hoxe, en que os marcos constitucionais e estatutarios, e tamén a Unión Europea, nos obrigan a flexionar as nosas políticas económicas e tamén sociais e nos animan a buscar unha ubicación concreta dentro da marcha dun país, mesmo adquirindo protagonismo no desenvolvemento global e no estado de benestar.

Non nos cansaremos de dicir, sen embargo, que estes postulados, agora brevemente expostos, non encorsetan nin limitan o horizonte. Compartimos as ideas de aldea global de McLuhan e a nosa vocación é o mundo, ten por meta a universalización, pero coa convicción firme de que será máis efectiva desde o coñecemento profundo do que nos é máis inmediato, desde o coñecemento de nós mesmos, desde a sensibilidade para o noso, desde a intención de mellorar o noso entorno máis inmediato, desde a pretensión de que a marca “**galego**” sexa un referente internacional sinónimo de calidade e bo facer.

Trátase dunha idea nova, sen precedentes en Galicia nin fóra de Galicia (os cataláns solicitaronnos en varias ocasións datos e información sobre o proxecto), que por eso en moitas ocasións a cidadanía e os empresarios non saben enmarcar.

Sen embargo a nosa experiencia dinos que, superada esa primeira fase de desconcerto e ubicación, e ás veces co simple coñecemento e trato dos que un día nos unimos respondendo a unha invitación da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, desaparece calquera tipo de prexuízo preconcebido e compróbase que non existen contraindicacións, que se trata dunha idea que podemos calificar de “sana” e interesante.

Esta é -como digo- a lectura que extraemos da experiencia do contacto con empresarios. E esta experiencia pretendemos facérllela chegar ó público en xeral. Isto xustifica o acto que hoxe estamos celebrando, e que amablemente nos axudan a lexitimar as autoridades que nos acompañan.

Como o normal é que, cando irrumpen iniciativas novas en calquera dos ámbitos da sociedade, a desconfianza que nos caracteriza antropoloxicamente nos conduza a pensar nos posibles intereses que as promoven ou en escuras pretensións, adiántome a aclarar que a **Fundación Galicia Empresa** nace da pluralidade sectorial, política e ideolóxica; sen outra definición cá de promove-lo uso da nosa lingua, aínda que para nós a lingua considerámola un símbolo do que nos é propio, do que nos identifica; pero, como tal símbolo, estamos decididos a potenciala.

Transcríbolles, para maior aclaración, o que recollen os nosos estatutos no seu obxecto fundacional:

*A **Fundación Galicia Empresa** ten por obxecto a promoción, vertebración e divulgación da empresa galega como entidade específica, caracterizada pola súa vinculación á realidade socio-económica e cultural de Galicia.*

En particular, son obxectivos da fundación:

A normalización do uso do galego na empresa, tanto nas súas relacións internas coma externas, e sen prexuízo do apoio á poliglosia como factor esencial da actividade empresarial.

A promoción da investigación das características peculiares da empresa galega e da súa potenciación e desenvolvemento.

O apoio á aplicación dunha estética diferenciadora dos seus produtos.

A creación e fomento de centros de diálogo e de publicacións relativas á vinculación da empresa coa realidade económica, social e cultural de Galicia.

E para afrontar este obxectivo social, nesta fundación seguimos tres criterios básicos: pluralidade, que non nos cansaremos de repetir, compromiso lingüístico e proxección social e empresarial. Non quere dicir isto último, que nos consideremos élite nin que procuremos ningún clasismo nin corporativismo; pero si temos claro que, nestes momentos, a mensaxe que queremos difundir ten que saír de emisores “modélicos”. Estamos convencidos de que a sociedade funciona, en tódalas súas manifestacións, de forma mimética e seguindo os impulsos dos que se consideran referentes brillantes ou paradigmáticos. Por eso eliximos a estrutura piramidal, para que o modelo da cúspide baixe de maneira natural e destaque máis nidamente. Non é máis ca un rudimentario concepto de comunicación.

Cando se está a falar da articulación da sociedade como impulsora e dinamizadora do seu futuro, nós, humildemente, declaramos estar dispostos a aporta-lo noso grande area; pero como unha contribución máis e coa convicción de que o noso futuro vai depender da determinación dos empresarios, do abeiro das institucións, da adaptación dos creativos de imaxe, do alento dos medios de comunicación, do aplauso dos intelectuais e da acollida dos consumidores.

.....

O noso proxecto non sería nada se non contásenos, como recoñecía antes, co apoio dos que hoxe se acercaron para compartir con nós estes momentos. Unha desas aportacións, sobranceira aportación, é a que nos brinda o profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Un historiador, por formación, sempre vai dispoñer dunha perspectiva de elevación que lle proporciona unha visión obxectiva e rigorosa, necesaria para facer análises e establecer relacións entre feitos e contextos. Por eso hoxe agradecemos de maneira especial a reflexión do profesor Barreiro Fernández, porque estou seguro de que nos resultará didáctico e orientador.

Aínda que o nome de Xosé Ramón Barreiro Fernández nos suscita a todos brillantez académica e recoñecemento social, quero brevemente repasar os seus datos curriculares máis destacables:

É doutor en Dereito Canónico pola Universidade Gregoriana de Roma.

Licenciado, con premio extraordinario, en Filosofía e Letras.

Doutor en Historia pola Universidade de Santiago.

Catedrático de Historia Contemporánea de Galicia nesta universidade.

Foi decano desta facultade.

É director do Departamento de Historia medieval, moderna e contemporánea.

É membro da Real Academia Galega, do Consello da Cultura Galega, do Instituto Padre Sarmiento, do Centro de Estudos Xacobeos, do Instituto José Cornide, ou do Seminario de Estudos Galegos, entre outras institucións.

Sobre a historia moderna de Galicia ten publicados libros e numerosos traballos en revistas especializadas, e é autor dunha Historia de Galicia, aínda que os temas dos que máis se ten ocupado teñen que ver coa nosa historia moderna.

A el lle corresponde agora a palabra.....

.....BARREIRO FERNÁNDEZ.....

Ten a palabra a continuación o Concelleiro de Cultura do Concello da Coruña, Sr. D. Xosé Luís Méndez Romeu.

.....MÉNDEZ ROMEU.....

Pecha o acto o Excmo. Conselleiro de Industria, D. Antonio Couceiro Méndez.

.....ANTONIO COUCEIRO.....

Moitas gracias pola súa asistencia. Agora teremos tempo para compartir un aperitivo e poder seguir disfrutando da súa presenza.

